

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS
FEMINISTAS DE VIGO

"MULLERES CON HISTORIA"
II CICLO DE CHARLAS SOBRE MULLERES CON DISCURSO FEMINISTA (2011)

Xoves, 6 de outubro ás 19:00 h.	Xoves, 13 de outubro ás 19:00 h.	Xoves, 3 de novembro ás 19:00 h.	Xoves, 10 de novembro ás 19:00 h.
"CONCEPCIÓN ARENAL" (1820-1893)	"SOFIA CASANOVA" (1861-1958)	"KATE MILLET" (1934-)	"BETTY FRIEDAN" (1921-2006)
<p>Esta galega nacida en Ferrol é unha das figuras máis relevantes do século XIX en España, tanto no plano intelectual como social, renovadora do pensamento sobre os conceptos de igualdade e liberdade. Con Concepción Arenal nace o feminismo en España, pois desde nova loitou por romper os cánones establecidos para as mulleres rebelándose contra a tradicional marxinación do sexo feminino e reivindicando a igualdade en todas as esferas sociais da muller. A súa ampla bibliografía agrúpase a redor de tres grandes temas: as denominadas "cuestión social" "penitenciarias" e "feminina".</p> <p>Morreu en Vigo, onde foi enterrada</p>	<p>Esta escritora, poeta e xornalista, nacida na cidade da Coruña, é a outra gran muller galega xunto a Rosalía, Concepción Arenal e Pardo Bazán. Sen embargo, a súa vida e obra é case descoñecida. A súa produción literaria vai ser inmensa pero o que máis destaca é a súa obra como cronista. Foi a primeira correspondente de guerra galega e a súa actividade por Europa vai permitir vivir acontecementos como a loita das sufraxistas en Inglaterra, o desenvolvemento do sindicalismo, a formación do Partido Bolchevique na Rusia tsarista e, sobre todo, as dúas guerras mundiais e a persecución dos xudeos polo réxime nazi.</p> <p>Este ano conmemórase o 150 aniversario do seu nacemento.</p>	<p>Escritora estadounidense, autora dunha das obras máis importantes do feminismo desta época: "Política sexual" (1969). Millet analiza as vinculacións entre a diferenza sexual e as relacións de poder. Según Millet, o carácter patriarcal da sociedade fai que os costumes envolvan relacións de dominio e, por tanto, estean impregnadas de política. A análise do patriarcado que levou a cabo Kate Millet supuxo unha gran achega teórica para as novas orientacións que o movemento feminista desenvolveu a partir dos anos setenta.</p>	<p>Escritora estadounidense, autora da obra "A mística da feminidade" (1963), obra de referencia do movemento feminista, pola que foi galardoada co premio Pulitzer. Adiantada ao seu tempo nos problemas que sempre a preocuparon: a reestruturación do doméstico e a paridade económica e laboral, dúas fronteiras nos que abriu brecha e que a converteron na figura máis emblemática do feminismo da época, na década de 1960. Foi unha das activistas que máis contribuíron para trazar un camiño cara á igualdade real dos homes e mulleres.</p>
<p>Relatora: Pilar Allegue Agüete</p> <p>Profesora de Filosofía do Dereito da Universidade de Vigo. Unha das súas liñas de investigación e especialización céntrase en temas de feminismo, onde ten publicados numerosos traballos, entre eles varios sobre o pensamento de Concepción Arenal.</p>	<p>Relatora: Rosario Martínez</p> <p>Profesora de Lingua e Literatura Española no ensino medio (agora xubilada). Licenciouse en Filoloxía Románica e, logo das oposicións, fixo a súa tese de doutoramento sobre Sofía Casanova.</p>	<p>Relatora: Beatriz Suárez Briones</p> <p>Profesora de Teoría da Literatura na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. A súa liña de investigación prioritaria é a teoría feminista nas súas interseccións coa teoría da sexualidade, a psicanálise e a literatura de mulleres.</p>	<p>Relatora: Mónica Bar Cendón</p> <p>Licenciada en Filoloxía Hispánica e DEA en Teoría da Literatura, é especialista en Igualdade e Impacto de xénero. No ámbito do feminismo participa en múltiples publicacións e foros académicos.</p>

Biblioteca Publica Central - R/ Joaquin Yáñez 6, 2º andar (26202 Vigo)

986 22 90 74 / centro.documentacion.feminista@vigo.org